Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

SOLICITUDE

César Santiso, con DNI 32.799.972V, como portavoz da sección sindical de Comisións Obreiras na Deputación Provincial da Coruña,

EXPÓN

- Que o 13 de decembro de 2017, CCOO rexistrou unha solicitude para reducir o horario durante o Nadal. A dita solicitude tiña o seguinte tenor literal:

> *- Que a Deputación Provincial ten aprobado un horario de verán no que se reduce a xornada nunha hora diaria, sendo o período obrigatorio de presenza das 9:00 ás 14:00 h.*
>
> *- Que o dito horario supón unha ferramenta efectiva para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral*
>
> *- Que no Nadal xorden as mesmas necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que durante o período estival*
>
> ***Polo que SOLICITA***
>
> ***-** Que durante o período de vacacións escolares do Nadal se apliquen as mesmas medidas que durante o horario de verán*

- Que a Corporación, como consecuencia dun proceso negociador con CCOO que incorporaba outra serie de acordos, aceptou a devandita solicitude establecendo un horario especial de Nadal dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro en concordancia co calendario escolar establecido pola consellería de educación.

- Que en datas similares nos anos 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023, CCOO volveu a solicitar a implantación do horario de Nadal, aceptando a Corporación o seu establecemento.

- Que a Consellería de educación, na orde de 12 de abril de 2024, estableceu o período que transcorre do 23 de decembro de 2024 ata o 7 de xaneiro de 2025, abos inclusive, como vacacións no calendario escolar 2023-24.

Polo que, **SOLICITA**

- Que durante o período de Nadal, comprendido entre o 23 de decembro e o 7 de xaneiro (ambos inclusive), a Corporación aplique as mesmas medidas que durante o horario de verán como xa ven realizando nos últimos anos, e que estas afecten a todo o persoal que presta os seus servizos na Deputación da Coruña.

A Coruña, a 15 de decembro de 2024

César Santiso
Portavoz de CCOO na Deputación

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
DEPUTADO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL
XEFATURA DE SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS